



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

**D<sup>a</sup>. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **26 de setembro de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

**7.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2024/2025 OU DO ANO 2025 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPTE. 13678/224.**

Visto o informe de fiscalización do 23/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/09/2025, asinado pola xefa de Igualdade, a asesora xurídica adscrita ao Servizo e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de maio de 2025, aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A cantidade máxima destinada a esta liña de subvencións é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

A convocatoria e as bases reguladoras publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. As Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nas datas do 29 de maio de 2025 e do 3 de xuño de 2025, respectivamente.

Conforme dispón a base décima, o prazo de presentación de solicitudes foi de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, polo que o prazo de presentación comezou o día 4 de xuño e rematou o 17 de xuño de 2025, incluídos.

A base décimo primeira establece que as solicitudes e a documentación esixida debían presentarse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Recibíronse solicitudes correspondentes a 83 entidades no Rexistro electrónico do Concello de Vigo.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 30/09/2025 11:29           | Páxina 1 de 8 |
| 13678-224                                                                                                                                                                                        | CSV: A4AF88-DB5C4F-A7C651-AR3KNM-94AMDS-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

Todas as entidades rexistraron a súas solicitudes na forma e no prazo establecidos.

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes presentadas e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta e/ou defectuosa. Todas as entidades achegaron a documentación solicitada.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima da axuda a conceder por entidade beneficiaria de 1.500 € (base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D.<sup>a</sup> Ana Laura Iglesias González, concelleira de Igualdade e Comercio, que actuou como presidenta, D.<sup>a</sup> Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade que, ademais, actuou como secretaria, e D.<sup>a</sup> Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Servizo de Igualdade. A Comisión constituíuse o día 15 de setembro de 2025, ás 12:00 h, co obxecto de avaliar as solicitudes presentadas conforme os criterios e baremos sinalados na base sétima da convocatoria.

Segundo o disposto na citada base sétima, a avaliación das solicitudes iniciárase procedendo á exclusión das solicitudes que non reúnan os requisitos estipulados na base quinta.

Tras a súa revisión, a Comisión comprobou que todas as solicitudes presentadas reúnen os requisitos esixidos.

Incorpórase ao expediente a acta da sesión constitutiva da Comisión de Avaliación xunto coas follas valorativas de cada entidade solicitante e unha táboa que reflicte os puntos, as contías provisionais, os incrementos das contías provisionais, no seu caso, e os importes finais das subvencións propostas que corresponden a cada unha das entidades solicitantes.

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder do Servizo de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

Así mesmo, tendo en conta o estado no que se atopa actualmente o procedemento e co fin de posibilitar que as entidades beneficiarias poidan xustificar en prazo o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos, cómpre rectificar a data límite de xustificación establecida na base décimo quinta das Bases reguladoras ampliándoa ata o 31 de outubro de 2025 incluído, polo que “as beneficiarias deberán presentar a conta xustificativa con data límite o 31 de outubro de 2025 (incluído), xustificando o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”, quedando as demais disposicións recollidas na citada base sen variación.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 30/09/2025 11:29           | Páxina 2 de 8 |
| 13678-224                                                                                                                                                                                        | CSV: A4AF88-DB5C4F-A7C651-AR3KNM-94AMDS-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

En aplicación das Bases reguladoras e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* 2311 4890000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, as axudas ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, dentro do “Programa de subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural”, por un importe total de corenta e catro mil novecentos noventa e nove euros con trinta e un céntimos (44.999,31 €); constando no anexo I a relación das entidades beneficiarias e as contías das axudas concedidas.

2º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

3º.- Rectificar a data límite para que as entidades beneficiarias xustifiquen o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos que se recolle na base décimo quinta das Bases reguladoras, ampliándoa ata o 31 de outubro de 2025 incluído, polo que “as beneficiarias deberán presentar a conta xustificativa con data límite o 31 de outubro de 2025 (incluído), xustificando o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”, quedando as demais disposicións recollidas na citada base sen variación.

4º.- Notificar este acordo ás entidades interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 30/09/2025 11:29           | Páxina 3 de 8 |
| 13678-224                                                                                                                                                                                        | CSV: A4AF88-DB5C4F-A7C651-AR3KNM-94AMDS-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

ANEXO I: ENTIDADES BENEFICIARIAS, PUNTUACIÓNS E CONTÍAS CONCEDIDAS

| ENTIDADE BENEFICIARIA                         | CIF       | CONTÍA SOLICITADA | MODALIDADE DEPORTIVA | GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA | PUNTUACIÓN TOTAL | CONTÍA CONCEDIDA |
|-----------------------------------------------|-----------|-------------------|----------------------|----------------------------|------------------|------------------|
| AS SPORT VIGO                                 | G27749837 | 1.500,00 €        | TAEKWONDO            | B                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB DE ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO              | G36869873 | 1.500,00 €        | ESGRIMA              | A                          | 9                | 382,62 €         |
| CLUB DE PIRAGÜISMO OLÍVICO                    | G27822006 | 900,00 €          | PIRAGÜISMO           | A                          | 12               | 510,15 €         |
| CLUB CICLISTA CORUXO                          | G27710730 | 1.500,00 €        | CICLISMO             | A                          | 7                | 297,59 €         |
| CLUB CIOS VIGO                                | G36795680 | 1.500,00 €        | FÚTBOL               | A                          | 10               | 425,13 €         |
| TRAVIESAS HOCKEY CLUB                         | G36680239 | 1.500,00 €        | PATINAXE             | A                          | 11               | 467,64 €         |
| CLUB KAYAK VIGO                               | G36978559 | 1.000,00 €        | PIRAGÜISMO           | A                          | 9                | 382,62 €         |
| CLUB DEPORTIVO PÁDEL FEMENINO CÍES            | G27713759 | 1.500,00 €        | PÁDEL                | B                          | 10               | 425,13 €         |
| CLUB PATINAXE ARTÍSTICA CORUXO                | G27865831 | 1.500,00 €        | PATINAXE             | A                          | 15               | 637,69 €         |
| CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL             | G36686376 | 1.500,00 €        | BALONMÁN             | A                          | 17               | 722,72 €         |
| CLUB DEPORTIVO OLD SCHOOL BOXING              | G27773928 | 1.500,00 €        | BOXEO                | A                          | 7                | 297,59 €         |
| CLUB PETANCA FLORIDA                          | G36792711 | 550,00 €          | PETANCA              | A                          | 9                | 382,62 €         |
| CLUB PETANCA OUTEIRO                          | G27788314 | 1.300,00 €        | PETANCA              | A                          | 11               | 467,64 €         |
| CLUB DE TAEKWONDO KAE SPORT                   | G27830975 | 1.000,00 €        | TAEKWONDO            | B                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS                   | G36713493 | 1.500,00 €        | VOLEIBOL             | A                          | 25               | 1.062,82 €       |
| CLUB VIGO VOLEIBOL                            | G36658219 | 1.500,00 €        | VOLEIBOL             | A                          | 16               | 680,20 €         |
| CLUB DEPORTIVO BOSCO                          | G36692317 | 1.500,00 €        | BALONCESTO           | A                          | 23               | 977,79 €         |
| CLUB PETANCA VIGO                             | G36702413 | 500,00 €          | PETANCA              | A                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB PATINAXE ARTÍSTICA VALLADARES            | G36765733 | 1.500,00 €        | PATINAXE             | A                          | 18               | 765,23 €         |
| AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO               | G36645109 | 1.500,00 €        | ATLETISMO            | A                          | 10               | 425,13 €         |
| CLUB MANIOTAS                                 | G36684819 | 1.500,00 €        | XIMNASIA             | A                          | 20               | 850,26 €         |
| CLUB DEPORTIVO FLIC FLAC                      | G36931582 | 1.000,00 €        | XIMNASIA             | A                          | 24               | 1.000,00 €       |
| UNIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDEÁN | G36863348 | 1.500,00 €        | FÚTBOL               | A                          | 7                | 297,59 €         |
| CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA                 | G36927689 | 1.500,00 €        | ATLETISMO            | A                          | 23               | 977,79 €         |
| CLUB MINAUTA                                  | G36834240 | 900,00 €          | MOTONÁUTICA ADAPTADA | A                          | 8                | 340,10 €         |



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 30/09/2025 11:29           | Páxina 4 de 8 |
| 13678-224                                                                                                                                                                                        | CSV: A4AF88-DB5C4F-A7C651-AR3KNM-94AMDS-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

| ENTIDADE BENEFICIARIA                              | CIF       | CONTÍA SOLICITADA | MODALIDADE DEPORTIVA            | GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA | PUNTUACIÓN TOTAL | CONTÍA CONCEDIDA |
|----------------------------------------------------|-----------|-------------------|---------------------------------|----------------------------|------------------|------------------|
| CLUB CÍES SQUASH                                   | G27869437 | 1.000,00 €        | SQUASH                          | A                          | 10               | 425,13 €         |
| CLUB NATACIÓN TRAVIESAS                            | G36823524 | 1.500,00 €        | NATACIÓN                        | A                          | 9                | 382,62 €         |
| CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIRO DE GALICIA           | G36630192 | 800,00 €          | MONTAÑISMO + ESPELEOLOXÍA       | B + A                      | 11,5             | 488,90 €         |
| CLUB DEPORTIVO VALLADARES DE VIGO                  | G36629657 | 1.500,00 €        | FÚTBOL                          | A                          | 13               | 552,67 €         |
| CLUB DE BALONCESTO SEIS DO NADAL-COIA              | G36942142 | 1.500,00 €        | BALONCESTO                      | A                          | 21               | 892,77 €         |
| CLUB SAN ROQUE CASABLANCA                          | G36763084 | 1.500,00 €        | FÚTBOL                          | A                          | 9                | 382,62 €         |
| CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO   | G36614097 | 1.500,00 €        | PÁDEL + TENIS                   | B + B                      | 6                | 255,08 €         |
| ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015 FÚTBOL SALA          | G36982239 | 1.000,00 €        | FÚTBOL                          | A                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB MONTAÑEIRO CELTAS                             | G36637890 | 1.500,00 €        | MONTAÑISMO + ESPELEOLOXÍA       | B + A                      | 13,5             | 573,92 €         |
| CLUB BÁDMINTON CÍES                                | G36827418 | 1.000,00 €        | BÁDMINTON                       | A                          | 17               | 722,72 €         |
| CLUB PEÑASCO                                       | G27804970 | 500,00 €          | FÚTBOL                          | A                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB DEPORTIVO COLEXIO MARIANO                     | G36649408 | 1.500,00 €        | BALONCESTO                      | A                          | 15               | 637,69 €         |
| AGRUPACIÓN DEPORTIVA GALICIA SOCIAL                | G36622934 | 1.000,00 €        | BALONMÁN                        | A                          | 13               | 552,67 €         |
| CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTÍSTICA                  | G36811974 | 700,00 €          | PATINAXE                        | A                          | 18               | 700,00 €         |
| AGRUPACIÓN DEPORTIVA SODIM                         | G27727965 | 1.000,00 €        | VELA                            | A                          | 9                | 382,62 €         |
| CLUB NATACIÓN RÍAS BAIXAS                          | G36827079 | 1.500,00 €        | NATACIÓN                        | A                          | 14               | 595,18 €         |
| CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA RÍAS BAIXAS VIGO        | G27763812 | 1.100,00 €        | NATACIÓN                        | A                          | 18               | 765,23 €         |
| CLUB PETANCA ENSINO                                | G36798866 | 600,00 €          | PETANCA                         | A                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB DEPORTIVO SEUNGSPORT                          | G27810761 | 1.500,00 €        | TAEKWONDO                       | B                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL-COIA                   | G36948115 | 1.500,00 €        | BALONMÁN                        | A                          | 15               | 637,69 €         |
| CLUB MARISTAS EL PILAR                             | G36690782 | 1.500,00 €        | VOLEIBOL                        | A                          | 12               | 510,15 €         |
| CLUB ESCOLA ROSALÍA                                | G27827856 | 1.500,00 €        | XIMNASIA + PATINAXE + BÁDMINTON | A + A + A                  | 25               | 1.062,82 €       |
| ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES | G36805158 | 1.500,00 €        | FÚTBOL                          | A                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB BALONCESTO SALESIANOS                         | G36875391 | 1.500,00 €        | BALONCESTO                      | A                          | 21               | 892,77 €         |



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 30/09/2025 11:29           | Páxina 5 de 8 |
| 13678-224                                                                                                                                                                                        | CSV: A4AF88-DB5C4F-A7C651-AR3KNM-94AMDS-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

| ENTIDADE BENEFICIARIA                    | CIF       | CONTÍA SOLICITADA | MODALIDADE DEPORTIVA      | GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA | PUNTUACIÓN TOTAL | CONTÍA CONCEDIDA |
|------------------------------------------|-----------|-------------------|---------------------------|----------------------------|------------------|------------------|
| CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S.    | G36886422 | 1.500,00 €        | FÚTBOL                    | A                          | 14               | 595,18 €         |
| AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP        | G36657450 | 1.500,00 €        | BOCCIA – DEPORTE ADAPTADO | A                          | 9                | 382,62 €         |
| C.A.R. MARISQUEIRO                       | G27737477 | 1.200,00 €        | ATLETISMO + MONTAÑISMO    | A + B                      | 12,5             | 531,41 €         |
| CLUB DEPORTIVO NS ESPERANZA              | G55389076 | 1.500,00 €        | BALONCESTO                | A                          | 13               | 552,67 €         |
| CLUB INDALO PATINAJE ARTÍSTICO           | G16794968 | 1.500,00 €        | PATINAXE                  | A                          | 22               | 935,28 €         |
| CLUB HALTEROFILIA VIGO                   | G36757623 | 1.500,00 €        | HALTEROFILIA              | A                          | 10               | 425,13 €         |
| CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO     | G27722305 | 1.500,00 €        | PATINAXE                  | A                          | 18               | 765,23 €         |
| CLUB PETANCA CABRAL                      | G36765055 | 1.500,00 €        | PETANCA                   | A                          | 14               | 595,18 €         |
| CLUB AS RODAS PATINAXE ARTÍSTICO (CARPA) | G36645091 | 925,00 €          | PATINAXE                  | A                          | 16               | 680,20 €         |
| CLUB DE FÚTBOL SAN MIGUEL                | G36743433 | 1.500,00 €        | FÚTBOL                    | A                          | 6                | 255,08 €         |
| COMESAÑA SPORTING CLUB                   | G36645257 | 1.200,00 €        | ATLETISMO                 | A                          | 13               | 552,67 €         |
| S.D. ATLETISMO SAN MIGUEL                | G36645018 | 1.000,00 €        | ATLETISMO                 | A                          | 10               | 425,13 €         |
| GMTA&CHUVONERS                           | G27782168 | 350,00 €          | MONTAÑISMO                | B                          | 7,5              | 318,85 €         |
| CLUB SAN IGNACIO DE LUCHA                | G36708303 | 800,00 €          | LOITA                     | A                          | 8                | 340,10 €         |
| UNION BALONMÁN LAVADORES                 | G36810075 | 1.500,00 €        | BALONMÁN                  | A                          | 15               | 637,69 €         |
| CLUB LAVANDEIRAS DE SAN SIMÓN            | G19816016 | 1.500,00 €        | FÚTBOL                    | A                          | 14               | 595,18 €         |
| CLUB PATÍN VAGALUME                      | G36982304 | 1.500,00 €        | PATINAXE                  | A                          | 16               | 680,20 €         |
| YIDAM - CEIP BALAÍDOS                    | G27782176 | 1.500,00 €        | TAEKWONDO                 | B                          | 9,5              | 403,87 €         |
| PECHECHES F.S.                           | G27778521 | 1.500,00 €        | FÚTBOL                    | A                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB MARÍTIMO DE CANIDO                  | G36630127 | 1.500,00 €        | VELA                      | A                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB DO LUME                             | G36852671 | 800,00 €          | PETANCA                   | A                          | 14               | 595,18 €         |
| HOCKEY HERBA VIGO STICK                  | G44564003 | 1.483,24 €        | HOCKEY                    | A                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB DEPORTIVO C.S.C.R. DE BEADE         | G36904530 | 950,00 €          | ATLETISMO + PETANCA       | A + A                      | 17               | 722,72 €         |
| TRASNOS BÉISBOL CLUB                     | G27750645 | 1.500,00 €        | BÉISBOL E SÓFBOL          | A                          | 9                | 382,62 €         |
| CLUB VOLEI PRAIA VIGO                    | G36990109 | 1.500,00 €        | VOLEIBOL                  | A                          | 24               | 1.020,31 €       |
| CLUB VIGO SQUASH                         | G36929511 | 1.500,00 €        | SQUASH                    | A                          | 8                | 340,10 €         |



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 30/09/2025 11:29           | Páxina 6 de 8 |
| 13678-224                                                                                                                                                                                        | CSV: A4AF88-DB5C4F-A7C651-AR3KNM-94AMDS-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

| ENTIDADE BENEFICIARIA          | CIF       | CONTÍA SOLICITADA | MODALIDADE DEPORTIVA           | GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA | PUNTUACIÓN TOTAL | CONTÍA CONCEDIDA |
|--------------------------------|-----------|-------------------|--------------------------------|----------------------------|------------------|------------------|
| GIMNASIO CLUB SIMÓN            | G36886901 | 1.500,00 €        | BOXEO + KICKBOXING E MUAY THAI | A + A                      | 16               | 680,20 €         |
| VIGOPÁDEL                      | G27853951 | 1.500,00 €        | PÁDEL                          | B                          | 7                | 297,59 €         |
| VETERANAS DE BALONMANO         | G27847615 | 1.500,00 €        | BALONMÁN                       | A                          | 20               | 850,26 €         |
| CLUB DEPORTIVO TEIS            | G36752640 | 1.300,00 €        | FÚTBOL                         | A                          | 8                | 340,10 €         |
| CLUB DE FÚTBOL BALAIÓDOS       | G36737724 | 1.500,00 €        | FÚTBOL                         | A                          | 10               | 425,13 €         |
| REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO      | G36612752 | 1.500,00 €        | NATACIÓN                       | A                          | 22               | 935,28 €         |
| ILLAS CÍES TENIS DE MESA       | G27849090 | 1.000,00 €        | TENIS DE MESA                  | A                          | 9                | 382,62 €         |
| CLUB DE ESGRIMA CIUDAD DE VIGO | G36888543 | 1.500,00 €        | ESGRIMA                        | A                          | 10               | 425,13 €         |

44.999,31 €



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 30/09/2025 11:29           | Páxina 7 de 8 |
| 13678-224                                                                                                                                                                                        | CSV: A4AF88-DB5C4F-A7C651-AR3KNM-94AMDS-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |



## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 30/09/2025 11:29           | Páxina 8 de 8 |
| 13678-224                                                                                                                                                                                        | CSV: A4AF88-DB5C4F-A7C651-AR3KNM-94AMDS-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |